

A ESCOLA DA VIDA

A contaminación informativa sobre os libros de texto

05.09.2009

JOSÉ MANUEL SUÁREZ SANDOMINGO

Desde que no século XIX apareceu o empirismo como unha oportunidade de validar as teorías a través de demostracións de hipóteses mediante o método científico, todas as ciencias se foron apuntando ao método empírico. Primeiro foron as naturais e máis tarde as sociais e xurídicas. Hoxe parece unha canle normal, aplicar calquera tipo de técnica de investigación: test, enquisa, análise estatística, etc. coa fin de corroborar ou demostrar unha hipótese.

Pero, como en calquera outra situación de análise (cualitativa ou cuantitativa), pódense producir nesgos que invaliden o que se quere declarar. Isto ocorre con bastante normalidade cando as investigacións nacen viciadas, ben porque o que se quere expoñer é máis o interese por facer saber as bondades do ofrecido por quen as promove ou ben porque os datos utilizados están, xa de principio, falseados. Non obstante, o máis inconsistente deste tipo de pescudas xa non é a impropia manipulación que se fai desde elas, senón a súa utilización. Isto é, que persoas sabedoras da fraude poñan na súa boca os datos tratando de apoialos coa súa suposta honestidade profesional ou persoal para convencer o seu auditorio. E, neste caso, a peor das perspectivas, é cando un representante do pobo se apoia nas enquisas ou avaliacións interesadas para apoiar as súas teses políticas, porque, ademais, de perder a súa dignidade como político, utiliza o seu cargo para validar o que, en principio, é unha temeridade.

Neste escenario foi no que se puxo o conselleiro de Educación ao manifestar que a propiedade dos libros de texto supuña un aumento do "rendemento académico" dos alumnos sobre os que dispoñen deles en situación de préstamo. A investigación citada foi efectuada pola USC, baixo os auspicios da Asociación Nacional de Editores de Libros, e lonxe de facer a consideración indicada, o único que alega é que "o 50% dos escolares galegos estaban afeitos a realizar anotacións, subliñar os libros ou consultar os doutros anos como técnicas para facilitar o estudo".

Os pedagogos sabemos que o suposto beneficio da propiedade non é tal, porque moitos estudantes, bos estudantes, por certo, prefiren tomar notas e facer esquemas nos seus cadernos de estudo ou utilizar outro tipo de técnicas antes que subliñar o seu libro. Ademais, se esta suposta ganancia fose tal, e tendo en conta que ata hai moi pouco tempo os libros eran adquiridos a escote polos pais, o número de suspensos debería ser ínfimo, o cal tampouco foi así.

O que si é evidente é que o rendemento dos alumnos depende, en boa medida, do seu esforzo e da súa responsabilidade para acadar os obxectivos educativos coa axuda dos seus docentes.